



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA DA UDC

(1) A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, tal e coma establece o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

O 14 de novembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Esta nova dimensión organizativa reflíctese no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 3 regula a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), é un organismo autónomo dos regulados na sección 2.^a do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

O IET réxese pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e polas demais normas aplicables ás entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consonancia co seu obxecto, o IET exerce as seguintes funcións:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.



- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

A Universidade da Coruña (UDC) é unha institución á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, para o que realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico, e ten a vontade de potenciar a realización de prácticas académicas externas contemplando esta opción como unha das actividades académicas integrantes nos seus diversos Plans de Estudo. A UDC é unha Entidade de Dereito Público independente e sen ánimo de lucro que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter, ou no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica. Na UDC participan investigadores e técnicos de valía profesional e





prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos adecuados para levar a bo fin actividades de interese xeral. A tal efecto, a Universidade da Coruña solicitou a colaboración do IET.

A USD réxese pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e polos seus estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

(2) No desenvolvemento dos fins estatutarios que desenvolve o IET, este organismo autónomo ten formalizado convenios neste eido, con entidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia. Así, o principio de concorrencia queda garantido xa que esta Universidade pertence ao Sistema Universitario de Galicia e a colaboración con esta Universidade non exclúe a colaboración e apoio debidos por parte do Instituto de Estudos do Territorio co resto das universidades galegas, en aras de acadar a máxima calidade e eficacia na prestación do servizo público de ensino superior Universitario de Galicia.

(3) Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa UDC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

(4) O obxecto do presente convenio é regular un programa de prácticas académicas externas entre a UDC, a través do grupo de investigación “Grupo de Estudos Territoriais” da súa facultade de socioloxía e o IET, posibilitando aos estudantes da titulación do Grao en Socioloxía da Universidade da Coruña a realización do Prácticum correspondente ao Plan de estudos do Grao en Socioloxía dentro dos programas de cooperación educativa promovidos polo IET.

Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos/as futuros/as titulados/as universitarios/as.

A través do convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas nas dependencias do Instituto de Estudos do Territorio.

A realización destas prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral entre os alumnos da UDC e o Instituto de Estudos do Territorio. Tampouco suporán ningún custe para a o IET.



A través destas prácticas, o alumnado poderá desenvolver tarefas que lle permitan aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lle preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

Todo isto en consonancia co previsto no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, que establece que é función do Instituto de Estudos do Territorio, entre outras, a promoción, deseño, execución e seguimento de programas ou accións e actividades formativas de concienciación para a sustentabilidade dirixidas ao conxunto da sociedade de Galicia e nas súas institucións, públicas e privadas, en especial, mediante a educación e formación nas materias de urbanismo, ordenación do territorio e paisaxe.

(5) Este convenio de cooperación educativa rexerase polas súas propias cláusulas, pola normativa reguladora das prácticas no posgrao propio da UDC, polo Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios , polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para todo o non previsto neste convenio de cooperación estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOGA nº82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.





O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa duración será de catro anos dende a data da súa sinatura.

Non obstante, poderá prorrogarse ata un máximo doutros catro anos se ambas as dúas partes así o consideran de mutuo acordo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven do presente Convenio de Cooperación, e que non puidesen ser resoltas pola Comisión de Seguimento, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Este convenio non supón obrigas económicas para as partes derivadas do mesmo e non xerará aumento dos créditos orzamentarios do IET polo que non precisa memoria económica, segundo establece o punto terceiro do acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

A directora do Instituto de Estudos do Territorio

Inés Santé Riveira

